

Como falar de sexo cos nenos

FUNDAMENTACIÓN

O espazo socializador primario por excelencia é a familia, entendida esta nos seus múltiples modelos. É o berce educativo de referencia no que as nenas e os nenos se achegan ao mundo, adquiren valores, establecen principios, un estilo de vida,... en definitiva, é un dos principais canais de acceso ao contexto no que viven.

A educación afectivo sexual, é un dos eidos educativos esenciais no desenvolvemento integral de nenos e nenas, e nos que as familias teñen un papel fundamental de referencia.

Actualmente incídese no argumento de que existe un amplo abano de oferta informativa á que se pode ter acceso a través de múltiples canles. Asemade, nos centros de ensino impártense formacións de educación afectivo sexual, como materia de carácter transversal, enmarcada no proxecto educativo de centro. Por todo isto presuponse que hoxe en día, a sociedade está informada e formada, nembargantes a sexualidade segue a ser un tema tabú, repleto de mitos, estereotipos e falsas crenzas, que repercute na percepción, na vivenciación e na liberdade sexual das persoas a nivel individual e social.

A presenza de espazos como Inventiva permite a implementación de programas específicos de intervención, que posibilitan o achegamento a realidades concretas e o contacto coas persoas, podendo traballar de maneira particular en cada situación e aprender de maneira conxunta.

OBXECTIVOS

- Obxectivos xerais.

- Dar a coñecer o recurso a nais, pais e titores/as, e ofertalo como servizo ao que poden acudir coas súas demandas grupais e individuais.
- Crear un espazo de reflexión coas nais, pais e titores/as, para a verbalización da sexualidade no proceso educativo de fillos e fillas, tanto a nivel familiar coma noutros ámbitos; educativo, social, interpersonal,...
- Contribuír ao coñecemento, aceptación e vivenciación da sexualidade do xeito máis pracenteiro e satisfactorio.

- Obxectivos específicos.

- Reflexionar sobre o papel das familias en relación a educación afectivo sexual dos seus fillos e fillas.
- Analizar as barreiras comunicativas existentes entre pais/nais/titores-as, fillas e fillos para proporcionar ferramentas e poder rompelas.
- Reflexionar sobre os modelos de educación afectivo sexual existentes a nivel social, escolar e familiar.
- Desmantelar mitos e falsas crenzas que rodean á sexualidade e á educación afectivo-sexual.
- Fomentar as relacións de confianza e habilidades comunicativas.
- Construír instrumentos pedagóxicos cos que traballar a educación afectivo-sexual na familia.

PONENTE

Sonia Morán Prieto

Formación:

- Trabajo Social USC
- Máster en Servicios Sociales UAC
- Master en Sexualidad Humana -Educación Afectivo Sexualidad por UAH
- Máster en Sexualidad Humana por Hispamap
- Training en Asesoremiendo en Sexualidad Avanzada UAH
- Especialista en Alcoholismo y otras Adicciones en la USC
- Perito Social
- Mediadora en Violencia de Género SGI
- Mediador Escolar
- Técnica Universitaria en Violencia de Género

Experiencia Laboral:

- Trabajadora Social y Sexóloga en el centro Quérote + desde el año 2007

Servicio de asesoramiento e Información a la juventud en sexualidad, afectividad, autoestima e imagen corporal, relaciones sociales, manejo seguro de TICS y prevención de consumo de sustancias.

Formación en Centros Educativos (alumnado, profesorado, AMPAS), Concellos, centros de menores, diversidad funcional... y participación ciudadana.